C O N C E L L O D E D O D R O (A CORUÑA)

Teléfono 981 802 062 - Fax 981 802 142 - E-mail:correo@dodro.dicoruna.es

Economía Sostenible

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO (CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN), TRAMITACIÓN URXENTE, DA OBRA DENOMINADA "SANEAMENTO EN REVIXOS"

I.Elementos do contrato. 2
1) Obxecto do contrato e delimitación do contrato 2
2) Orzamento do contrato e tipo de licitación. 2
3)Financiamento. 2
4)Revisión de prezos. 2
5)Prazo de execución. 2
6) Capacidade para contratar. 3
7) Clasificación do contratista. 3
8)Unións temporais de empresas. 3
II.Adxudicación. 3
9) Procedemento de adxudicación. 3
10) Anuncio e perfil de contratante. 3
11) Proposicións: lugar e prazo de presentación. 3
12) Proposicións: documentación 4
13) Documentos: orixinais e copias. 4
14) Garantía provisional 10
15) Apertura de plicas e adxudicación. 10
16) Adxudicación provisional e definitiva. 12
III.Formalización do contrato. 12
17) Formalización do contrato. 13
IV.Execución do contrato. 13
18) Acta de comprobación do trazado de planta. 14
19)Carteis e sinais. 14
20) Ocupación de terreos 15
21) Desenvolvemento dos traballos. 15
22) Dirección e inspección das obras. 16
23) Lexislación laboral e Seguridade Social. 16
24) Prevención de riscos laborais. 16
25)Responsabilidade.Danos. 17
26) Gastos de transporte e almacenaxe. 17
27) Custodia e conservación. 17
28) Gastos de anuncios e tributos e varios. 17
29) Control de calidade. 17
30) Dereitos do adxudicatario. 17
31) Aboamento da obra executada. 18
32)Condicións especiais de execución 20
33) Prazo de execución do contrato e penalidades administrativas. 20
34) Modificacións de obras. 22
35) Cesión de contrato e subcontrato de obras. 23
36) Recepción das obras e certificación final. 23
37) Prazo de garantía. 24
38) Liquidación e devolución da garantía definitiva. 24
39) Causas de resolución. 24
40) Réxime xurídico. 24
ANEXO I:CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO. 25
ANEXO II:MODELO DE PROPOSICIÓN. 26
ANEXO III:MODELO DE SOBRE 26
ANEXO IV: 27
ANEXO V: 30

I.-Elementos do contrato.

1) Obxecto do contrato e delimitación do contrato

O presente contrato ten por obxecto a execución das obras a que se refire o epígrafe 1 do cadro de características do contrato, con suxeición ao proxecto técnico, integrado polos documentos enumerados no artigo 107 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (en adiante LCSP), incluído o correspondente estudo de Seguridade e Saúde ou Estudo Básico de Seguridade e Saúde, de acordo co disposto no art. 4 do Decreto 1.627/97.

O conxunto de documentos que compoñen o proxecto considérase que forman parte integrante deste prego, tendo carácter contractual.

No caso de contradición entre o Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de prescricións técnicas prevalecerá o primeiro.

O proxecto reúne os requisitos dos artigos 2, 9 e 10 do Real Decreto-Lei 13/2009, de 26 de outubro, polo que se crea o *Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad local*.

Mediante a execución do contrato a que se refire este Prego de cláusulas administrativas particulares dáse satisfacción á necesidade especificada no epígrafe 1 do cadro de características.

2) Orzamento do contrato e tipo de licitación.

Sinálase como tipo de licitación o importe do proxecto que figura no epígrafe 2 do cadro de características do contrato, realizándose a mellora mediante baixa respecto deste.

Na contratación destas obras entenderase que os contratistas, ao formular as súas propostas económicas, incluíron dentro delas o importe do imposto sobre o valor engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co art. 75.2 LCSP e modelo de oferta económica do presente prego.

3) Financiamento.

O pagamento das cantidades correspondentes ao orzamento do contrato abonarase nunha soa anualidade correspondente ao ano 2010.

O proxecto finánciase con cargo ao *Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad local* creado polo Real Decreto-Lei 13/2009, de 26 de outubro.

A data da resolución de aprobación do Secretario de Estado de Cooperación Territorial figura no epígrafe 3 do cadro de características do contrato.

4) Revisión de prezos.

Atendendo ao prazo de execución da obra, non procederá en ningún caso a revisión de prezos do presente contrato e por tanto non se aplicará ningunha fórmula de revisión.

5) Prazo de execución.

5.1.- O prazo de execución do contrato será o que se sinala no epígrafe 4 do cadro decaracterísticas do contrato, contado a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do trazado de planta, agás que exista reserva fundada que impida o seu comezo. O prazo contarase sempre en días naturais.

A execución do contrato deberá concluír antes do día 31 de decembro de 2010. En todo caso deberá cumprirse o disposto polo artigo 16 do Real Decreto-Lei 13/2009 respecto da xustificación da inversión

5.2.- Prórrogas.- O prazo contractual só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente. E, en todo caso, a execución do contrato deberá concluír antes do día 31 de decembro de 2010. En todo caso deberá cumprirse o disposto polo artigo 16 do Real Decreto-Lei 13/2009 respecto da xustificación da inversión.

5.3.- Prazos parciais.- Os prazos parciais serán os que, se é o caso, se fixen na aprobación do programa de traballo.

6) Capacidade para contratar.
Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 43 e 49 da LCSP, e acrediten a súa 3/31 solvencia económica, financeira e técnica (ou estean debidamente clasificadas nos supostos a que se refire a cláusula seguinte).

7) Clasificación do contratista.
Para contratar coa administración a execución dunha obra de importe igual ou superior á cantidade establecida no artigo 54.1 da LCSP, será requisito indispensable que o contratista obteña previamente a correspondente clasificación, segundo resulte do proxecto ou documentación técnica que consta no expediente e que se indica no epígrafe 12 do cadro de características do contrato.
Non obstante o establecido no parágrafo anterior para os empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea será suficiente que acrediten diante do órgano de Contratación correspondente a súa solvencia económica, financeira e técnica, mediante a presentación dos documentos que se indica na cláusula 12.1.g.

8) Unións temporais de empresas.
A administración poderá contratar con unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 48 da LCSP.
Para estes efectos cada unha das empresas que a compoñen deberán indicar nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato.
Así mesmo deberán presentar cada unha delas a documentación esixida na cláusula 12 e acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos seus integrantes. E no caso de que se esixa clasificación estarase ao disposto no artigo 56.5 LCSP.
No suposto de resultar adxudicataria, as unións temporais deberá formalizar esta, en escritura pública, así como presentar o CIF de unións temporais, todo iso dentro do prazo de quince días seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación, e a súa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.
Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente diante da administración.

II.- Adxudicación.

9) Procedemento de adxudicación.
O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de adxudicación)

10) Anuncio e perfil de contratante.

10.1. O procedemento aberto a que se refire o presente prego anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e no perfil de contratante (art. 126 e 42 da LCSP) .

10.2. Perfil de contratante: Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, os interesados poderán consultar a información referente ás licitacións abertas a través de internet na dirección que se indica no epígrafe 9 do cadro de características do contrato, e de conformidade cos disposto nos art. 42, 37, 125, 126, 135, 138,175, 176, 181 e 309 da LCSP.

11) Proposicións: lugar e prazo de presentación.
As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no lugar e prazo que se

indican nos epígrafes 6 e 7 do cadro de características do contrato, en horas de nove a catorce de luns a venres, e de dez a trece os sábados e en tres sobres pechados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 12.
Para o cómputo do prazo de presentación de proposicións, no suposto en que non coincida a data do anuncio no BOP e no perfil de contratante, contarase a partir do día seguinte ao da publicación do último anuncio.

Cada licitador non poderá presentar máis de unha proposición, sen que se admitan variantes. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros si xa o fixera individualmente ou figurar en máis de unha unión temporal. O incumprimento destas limitacións dará lugar á non admisión de todas as proposición por el subscritas. (art. 129.3 LCSP)

No suposto de que as propostas se envíen por **correo**, o licitador deberá xustificar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos, e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax (981802142) no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os requisitos non será admitida a proposta se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio.

Os envíos das propostas a que se refire o apartado anterior deberán remitirse coa maior urxencia, facéndose a advertencia de que transcorridos **dez días** desde a data de finalización do prazo de presentación de ofertas sen que se recibira a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

12) Proposicións: documentación.

12.1.- Sobre A: Subtitulado "Documentación".
Conterá a seguinte documentación:

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

A-1) Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.
Se non o for: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso no correspondente Rexistro Oficial.

– Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A-3) Empresas comunitarias.
A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).
A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 17 LCSP).

A-5) Empresas non comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre a reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.
As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se é o caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante (art. 130.1.d da LCSP)

B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.
Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 44.2 do LCSP).

C) Poderes:
Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en nome da que concorre perante a administración contratante e documento nacional de identidade do apoderado, orixinal ou copia autenticada por Notario.
O poder deberá figurar inscrito anteriormente no Rexistro Mercantil nos casos en que esta inscrición sexa esixida polo regulamento do mesmo.

D) Bastanteo de poderes:
Os poderes a que se refire o apartado c) da presente cláusula, deberaos bastantear previamente o secretario da Corporación ou funcionario habilitado.

E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:
Declaración responsable de que a empresa interesada non está incursa en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 130 e 49 da LCSP, axustado ao seguinte modelo:

D./Dª
Con DNI
e domicilio en
provincia de
rúa nº
en nome propio ou en representación da empresa
á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de
execución da obra
- Título:
Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección
están incursos en prohibicións de contratar coa administración establecidas no
art. 49 da LCSP
Así mesmo declara que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias
e coa Seguridade Social e co Concello de Dodro.
(Lugar, data e sinatura do propoñente)

F) Clasificación e acreditación de solvencia:

Documento de clasificación empresarial: certificación expedida pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Facenda (ou órgano correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia de estar clasificado nos grupos, subgrupos e categoría que se especifiquen no proxecto, no caso de que se esixa clasificación de acordo co disposto na cláusula 7 do presente prego e epígrafe 12 do cadro de características.

Non obstante, para as empresas non españolas de estados membros da Comunidade Europea que non estean clasificadas será suficiente que acrediten perante o órgano de Contratación a súa solvencia económica e financeira por calquera dos medios a que se refire o art. 64 do LCSP e a solvencia técnica mediante relación das obras executadas no curso dos últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución para as máis importantes.

G) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica: (SÓ PARA O CASO DE QUE NON SEXA ESIXIBLE CLASIFICACIÓN)

No caso de que non sexa esixible a clasificación para a obra, os licitadores deberán acreditar a **solvencia económica e financeira** mediante a presentación de declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, de ser o caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización polos riscos e a **solvencia técnica** mediante a relación das obras executadas no curso dos últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución para as máis importantes.

Ademais de acreditar a súa solvencia, os licitadores deberán achegar un compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso. O incumprimento deste compromiso de adscrición considerarase incumprimento de obriga esencial para os efectos dispostos no art. 206 g) LCSP. Non obstante, o órgano de Contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego.

Os licitadores deberán indicar a parte do contrato que teñan previsto subcontratar, sinalando o seu importe, e o nome ou o perfil do empresario, definido por referencia as condicións de solvencia técnica dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización (art. 210.2.a) LCSP). Non obstante, de acordo co disposto na cláusula 35 do presente prego, requirirá autorización previa da administración.

H) Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE, caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 48 da LCSP e cláusula 8 do presente prego.

I) Declaración de empresas vinculadas.

No caso de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 129 da LCSP, presentarase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou a súa denominación social, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

J) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña:

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que estean inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o art. 303 da LCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

Non obstante aquelas empresas que figuren inscritas no rexistro oficial de licitadores da Xunta de Galicia ou no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da

Coruña, acompañarán unha copia do informe relativo aos datos inscritos ou a simple referencia ao número de inscrición no Rexistro e en consecuencia quedarán dispensadas de presentar os documentos referidos nos apartados: A), B), C), D), E) e F) sempre que os citados documentos estean vixentes. A tales efectos, de conformidade co disposto no artigo 130.3 LCSP, cando acrediten a clasificación e a personalidade xurídica e da súa representación mediante a referencia á inscrición nun Rexistro de licitadores, deberán acompañar unha declaración responsábel do licitador na que manifeste que as circunstancias reflectidas no certificado non experimentaron variación.

K) Autorización para a cesión de información relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación.

Axustarase ao seguinte modelo:

D./Dª
con residencia
provincia de
rúa nº
segundo DNI nº
en nome propio ou da empresa
á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra
- Título:
Autoriza á administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de Contratación o estime oportuno.
(Lugar, data e sinatura do propoñente)

L) Domicilio

Todos os licitadores deberán sinalar un domicilio para a práctica de notificacións. Esta circunstancia será complementada indicando unha dirección de correo electrónico e un número de teléfono e fax.

D./Dª …….., con DNI nº ……..., en nome propio ou da empresa …… á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra
- Título: ……
Sinala como domicilio para recibir as notificación relativas a este contrato o seguinte: Rúa ……, nº ……, código postal ……, Cidade …….., Provincia ……
A estes efectos indica o seguinte número de teléfono …… e fax ……
Ademais

☐ Autoriza ao Concello de Dodro a empregar o correo electrónico como canle de comunicación, intercambio de documentación e notificación con pleno valor fehaciente e probatorio de cantos actos administrativos lle afecten en relación ao presente contrato, mediante o emprego da dirección de correo electrónico seguinte ……

☐ Non autoriza o emprego do correo electrónico como canle de comunicación e intercambio de documentación co concello de Dodro en cantos actos administrativos lle afecten en relación ao presente contrato

M) Índice de documentos que integran o sobre.
Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

12.2. Sobre B: Subtitulado "Referencias técnicas".

A) Programa de traballo e de actuación ambiental:

As empresas deberán presentar un programa de traballo que contemple o desenvolvemento das distintas unidades a realizar en cada prazo, de acordo, se é o caso, coas anualidades fixadas no cadro de características. Deberá incluír:

a) Unha memoria explicativa e detallada da forma e orde de execución das unidades de obra, que reflicta a continuidade e coordinación dos traballos dos distintos oficios que interveñen, así como a definición da calidade de materiais, sistemas construtivos e instalacións que o contratista se compromete a empregar na obra.

b) Un gráfico da execución das distintas unidades de obra, en forma de diagrama de Gantt ou de barras, no que figure o orzamento mensual por contrata a prezos de proxecto (analizado en días naturais), axustado ás anualidades previstas, se é o caso, nas condicións de licitación. Calquera referencia neste gráfico a importes distintos do orzamento de licitación, supoñerá a non admisión da oferta.

c) Medidas específicas de protección ambiental que se aplicarán na execución de obra e en especial:

- reciclaxe, reutilización e recuperación de materiais
- rexeneración de espazos
- Indicación de vertedoiros autorizados onde se van trasladar os materiais usados, excedentes ou procedentes de demolición ou derrubamentos.

d) Descrición fotográfica ou en vídeo da obra: describirase a forma en que se documentará fotograficamente ou en vídeo o desenvolvemento e evolución das obras. A dita documentación entregaráselle á administración na data da acta de recepción.

O programa axustarase ás características, natureza e importe da obra.

B) Plan de control de calidade:

1.- A oferta conterá, así mesmo de forma xustificada, a proposta programada do control interno de calidade que a empresa vaia desenvolver durante a execución das obras, con independencia do que realice a administración, de acordo cos previsto na cláusula 29.

2.- Así mesmo figurará a porcentaxe expresada con dous decimais aplicado sobre o orzamento de execución material da obra que a empresa contratará cunha empresa homologada e non vinculada á empresa licitadora, axustado ao seguinte modelo:

D./Dª..... en nome e representación da empresa ..... comprométese a destinar o ...% (1) sobre o orzamentos de execución material da obra cuxa denominación é a seguinte ....., de acordo co previsto na cláusula 12.2 do Prego (Lugar, data e sinatura) (1) Expresado con dous decimais

O contido do plan axustarase ás características, natureza e importe da obra.

C) Esquema do plan de seguridade e saúde:

As ofertas deberán presentar un esquema do plan de seguridade e saúde no traballo que haberá de seguirse durante a execución da obra, en aplicación do estudo de seguridade e saúde.
No citado esquema detallaranse:

- Medidas de prevención a adoptar
- Sistemas de seguimento e control de aplicación do plan
- Oferta de melloras de índole técnica
- A adecuación da organización establecida para prevención de riscos laborais e seguridade
- A realización dunha análise das posibles emerxencias e a suficiencia das medidas adoptadas.
- A acreditación dalgún tipo de auditoría periódica respecto aos resultados en materia de Seguridade Social.

O contido do plan axustarase ás características, natureza e importe da obra.

D) Xustificación, se é o caso, de que a empresa conta na súa plantilla cun número de persoas con discapacidade ou en situación a exclusión social non inferior ao 2%. Os licitadores que pretendan contar para a adxudicación coa preferencia regulada na disposición adicional 6ª da LCSP, deberán achegar os documentos que acrediten que, ao tempo de presentar a súa proposición, teñen na súa plantilla un número de traballadores con discapacidades superior ao 2 por 100 ou que a empresa licitadora está adicada especificamente á promoción ou inserción laboral de persoas en situación de exclusión social, xunto co compromiso formal de contratación a que se refire a disposición adicional 6º da Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público.

E) Índice de documentos que integran o sobre.
Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

12.3. Sobre C: Subtitulado "Oferta económica, de redución de prazos e de persoal a ocupar".
Conterá:

- a proposición económica formulada estritamente conforme ao modelo que figura como anexo II deste prego.
- proposta de redución de prazos de execución (expresado en días naturais):

A empresa presentará unha memoria sobre a organización do proceso construtivo, na que, razoando as vantaxes que signifique para a administración, expresarase unha proposta, debidamente xustificada, de redución nos prazos de execución.
A dita memoria conterá un programa de execución das obras, describindo mediante diagramas os tempos (expresados en días naturais) actividades e previsións de custos (expresadas en unidades monetarias oficiais), e incluirá a proposta de redución de prazos mediante o seguinte documento de compromiso:

D./Dª .... en nome e representación da empresa ...., comprométese a executar a obra ..... no prazo de ..... días naturais, o que supón unha redución do prazo de execución de ..... días sobre o prazo indicado no PCAP. (Lugar, data e sinatura)

As reducións de prazos que non se propoñan conforme este modelo non serán obxecto de valoración polo órgano de contratación.

Ademais incluirase unha **declaración sobre o número de persoas a ocupar** con ocasión da execución do contrato. A estes efectos, hase utilizar o concepto de "equivalente a tempo completo" (*full time equivalent*, FTE), é dicir, o modo de medir a adicación dos traballadores no proxecto, de tal xeito que un FTE de 1.0 significará que unha persoa é equivalente a un traballador a tempo completo, mentres que un FTE de 0.5 indica que o traballador estará só a media xornada.

FTE defínese como o número total de horas traballadas divididas entre o máximo número de horas determinadas por lei durante a duración da execución do proxecto. Por exemplo, si a execución do proxecto é de 10 días e o máximo número de horas a traballar por día é de 8, un

traballador que ocupe un posto a tempo completo todo o proxecto (que traballará 80 horas) consumirá 1 FTE. Dous traballadores que traballen cada un 40 horas, cada un deles ocupará 0.5 FTE, sendo o FTE da oferta, neste caso, 1.
Haberá de indicarse, respecto ás persoas a ocupar, cantas están xa integradas na empresa e cantas serán de nova contratación.

D/ Dª _____ con DNI (ou pasaporte ou documento que o substitúa) núm. _____ actuando en nome propio (ou en representación de _____ DNI ou CIF núm. _____) fai constar:
1º.- Que se compromete a ocupar na execución da obra ……. a ….persoas, das cales …. xa están integradas na empresa e …. serán de nova contratación, quedando enterado do disposto ao efecto polo artigo 9.2 do Real Decreto-lei 13/2009 e nas cláusulas 27 e 28 do prego de condicións administrativas particulares que rexe o procedemento de contratación da obra.
2º.- A efectos de formular esta oferta declara que o número de persoas en equivalente a tempo completo a ocupar con ocasión da execución da obra é de …. FTE.
(Lugar, data e sinatura)

13) Documentos: orixinais e copias.
Os documentos que se acompañen ás proposicións haberán de ser orixinais. Non obstante, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario ou funcionario en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

14) Garantía provisional.
En consonancia co disposto no art. 91 os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

15) Apertura de plicas e adxudicación. Criterios de valoración
Polo que respecta á cualificación da documentación presentada (defectos ou omisións emendables, rexeitamento de proposicións e demais actuacións da mesa de contratación), estarase ao disposto nos art. 144 de LCSP.

15.1 Apertura e valoración das ofertas.
Diferenciaranse dúas fases de valoración das ofertas

1ª fase: valoración dos criterios non evaluables mediante aplicación de fórmulas establecidas no PCAP.

As empresas que non superen a puntuación mínima de 16 puntos na FASE 1 non continuarán no proceso selectivo.

Para os efectos previstos na primeira fase, e de conformidade co disposto polo artigo 25 do Real Decreto 817/2009, de 8 de Maio, dado que a valoración dos criterios cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor ten atribuída una ponderación maior que a correspondente aos criterios avaliábeis de xeito automático, esta será realizada por un Comité de Expertos (formado por tres técnicos con titulación adecuada ao obxecto da valoración que non dependan do órgano que exercera a iniciativa na tramitación do expediente de contratación, a súa composición será dada a coñecer no perfil de contratante con carácter previo á apertura da documentación contida no sobre B). Este Comité emitirá informe técnico debidamente motivado respecto dos factores de adxudicación do procedemento aberto con multiplicidade de criterios (agás os factores prezo, prazo e persoal a ocupar na execución da obra) á vista da documentación incluída polos licitadores no sobre B: “Referencias técnicas”.

2ª fase: valoración dos criterios evaluables mediante aplicación de fórmulas establecidas no PCAP.
Para os efectos previstos na segunda fase, a mesa de contratación procederá en acto público á

apertura das ofertas avaliábeis mediante a aplicación de fórmulas. Celebrarase no lugar e día que se sinale no apartado informacións do perfil de contratante.
O presidente manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de inadmisión destas últimas.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.
Antes da apertura da primeira proposición convidaráselles aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non se entregasen durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

15.2 Rexeitamento de proposicións.
Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte da licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desestimada pola mesa, en resolución motivada.

15.2.1.- A administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente prego, sen atender necesariamente ao valor económico desta, ou declarar deserta a licitación, motivando en todo caso a súa resolución con referencia aos criterios de adxudicación que figuran no presente prego.

15.2.2.- Criterios de valoración:
Os criterios para a adxudicación do procedemento aberto con multiplicidade de criterios son os seguintes:

FASE I (criterios que dependen dun xuízo de valor):
- Programa de control interno de calidade: de 0 a 19 puntos.
- Programa de traballo e protección ambiental: de 0 a 18 puntos
- Plan de seguridade e saúde: de 0 a 10 puntos.

As empresas que non superen a puntuación mínima de 16 puntos na FASE 1 non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídas da segunda fase e do procedemento aberto con multiplicidade de criterios.

FASE II (criterios cuantificábeis de xeito automático)
-Volume de man de obra a ocupar: ata 15 puntos.
- Proposta de redución de prazos de execución: de 0 a 10 puntos
- Oferta económica: ata 8 puntos

Para o seu desenvolvemento e aplicación teranse en conta as normas recolleitas no anexo IV.

15.2.3.- Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

15.2.3.1.- Cando o órgano de Contratación presuma fundadamente que a proposición non se poida cumprir como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días xustifiquen as ditas ofertas, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4 da presente cláusula.
A xustificación realizada polos licitadores remitirase a informe dos servizos técnicos a fin de que emitan o correspondente informe.

15.2.3.2.- Considerarase, en principio, como desproporcionada ou anormal as ofertas que se atopan nos seguintes supostos:

- sempre que o prezo ofertado sexa inferior nun 10% á media do total dos ofertados.

- sempre que o prazo de execución ofertado sexa inferior nun 25% á media do total dos ofertados.
- sempre que o número de persoas a ocupar sexa superior nun 50% á media do total das ofertas e o cociente entre (FTE x prazo de execución en días naturais x salario mínimo interprofesional diario) e o importe de adxudicación sexa superior a 0,5.

Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta e en función da documentación que presente o adxudicatario no trámite de xustificación da oferta, ou na documentación xa presentada, os seguintes:

1º.- Axeitada xustificación dos prezos ofertados, que como mínimo comprenderá unha explicación dos prezos dos materiais a pé de obra.

2º.- Axeitada xustificación do volume de persoal a ocupar na execución da obra.

3º.- Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada.

No suposto de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu cadro de persoal un número de traballadores minusválidos superior ao 2% de conformidade co establecido na disposición adicional 6ª da LCSP.

15.3 Renuncia:
A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución da obra faculta á Corporación para que proceda a esixir unha indemnización polos danos e perdas causados á administración contratante e demais consecuencias previstas en LCSP.

A renuncia do licitador en curso en ofertas con valores anormais ou desproporcionados, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola administración terá as mesmas consecuencias e efectos que se indicaron no parágrafo anteriores.

Non obstante o disposto nos apartados anteriores, no caso de que a administración non acordara a adxudicación provisional no prazo de 2 meses, a contar desde a apertura das proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición, de conformidade co disposto no art. 145.4 do LCSP.

15.4. Designación do técnico-director da obra.- No acordo ou resolución de adxudicación concretarase polo órgano competente da Corporación a designación do técnico-director da obra e naqueles casos en que a Dirección da obra se realice mediante contrato de servizos previa a tramitación do correspondente expediente de contratación.

16) Adxudicación provisional e definitiva.

16.1. Adxudicación provisional
A adxudicación provisional, que concretará e fixará os termos do contrato, acordarase polo órgano de Contratación en resolución motivada que se notificará aos licitadores e publicarase no perfil de contratante do órgano de Contratación. A adxudicación provisional terá que efectuarse no prazo máximo de 20 días naturais contados dende aquel en finalice o prazo de presentación da proposicións.
Publicada a adxudicación provisional, se os interesados o solicitan, facilitaráselles información, nun prazo de cinco días hábiles, dos motivos do rexeitamento da súa proposición e das características da proposición do adxudicatario que foron determinantes da adxudicación ao seu favor.

16.2. Documentación previa á adxudicación definitiva
Durante o prazo de **10 días hábiles** contados dende o seguinte a aquel en que a adxudicación provisional se publique no perfil de contratante do órgano de Contratación, o adxudicatario provisional deberá:

a) Presentar a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Ambas as circunstancias poderán tamén acreditarse mediante o achegamento do certificado expedido polo Rexistro de Licitadores que acredite os anteriores extremos.

b) Presentar a documentación acreditativa de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas: a tal efecto, achegarán o xustificante de estar dado de alta no i mposto referida ao exercicio corrente, ou a copia da carta de pagamento do Imposto do último exercicio, á que se acompañará unha declaración responsable de non estar dado de baixa na matrícula do citado imposto. No caso de estar exento deste imposto presentarán declaración xustificativa ao respecto.

c) Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 84 da LCSP.
A administración poderá refusar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que se atopen en situación de demora fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigas derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pagamento. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro for rexeitado pola administración.

d) Escritura de formalización da Unión Temporal de Empresarios. No caso de que o adxudicatario provisional sexa unha unión temporal de empresarios, deberá achegar a escritura pública de formalización da mesma, que debe ter unha duración coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

e) Calquera outro documento acreditativo da súa aptitude para contratar ou da efectiva disposición dos medios que comprometesen a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 53.2 da LCSP que lle reclame o órgano de contratación.

16.3. Adxudicación definitiva

Transcorridos 10 días hábiles dende o seguinte a aquel en que a adxudicación provisional se publique no perfil de contratante do órgano de Contratación e presentada a documentación sinalada no epígrafe anterior, no prazo máximo de 5 días hábiles, elevarase a definitiva a adxudicación provisional.
Cando non proceda a adxudicación definitiva do contrato a quen resultara adxudicataria provisional por non cumprir as condicións necesarias para isto, antes de proceder a unha nova convocatoria, a Corporación poderá efectuar unha nova adxudicación provisional ás interesadas seguintes a aquela, por orde de clasificación das súas ofertas na negociación, sempre que isto fose posible e que a nova adxudicataria prestara a súa conformidade, caso no que se concederá a este un prazo de 10 días hábiles para cumprimentar o sinalado no punto 16.2.

III.- Formalización do contrato.

17) Formalización do contrato.

O contrato formalizarase en documento administrativo dentro do prazo dos dez días hábiles contado desde o seguinte ao da notificación da adxudicación definitiva.

Simultaneamente coa sinatura do contrato deberá ser asinado polo adxudicatario o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas, que formaran parte do contrato como anexo ao mesmo.

IV.- Execución do contrato.

18) Acta de comprobación do trazado de planta.
18.1.- Dentro de **quince días** naturais a contar dende a data de formalización do contrato efectuarase a comprobación do trazado de planta, na data en que a administración sinale, quedando obrigado o contratista, previa notificación, a acudir a este e subscribir a correspondente acta, de conformidade co artigo 212 da LCSP.
Se o contratista non acude, sen causa xustificada, ao acto de comprobación de trazado de planta a súa ausencia considerarase como incumprimento do contrato coas consecuencias e efectos previstos no artigo 220 da LCSP.

18.2.- Comezo das obras e aviso previo á autoridade laboral.
A execución do contrato comezará coa sinatura do acta de comprobación de trazado de planta.
O director da obra directamente ou por medio do coordinador de Seguridade e Saúde deberá efectuar o correspondente aviso previo á autoridade laboral antes do comezo das obras (art. 18 do Decreto 1627/97), documento cuxa presentación debe exhibir o facultativo ao contratista.
Cando o resultado da comprobación do trazado de planta demostre a posesión e disposición real dos terreos, a súa idoneidade e viabilidade do proxecto, a xuízo do facultativo director das obras, e sen reserva por parte do contratista, darase por aquela a autorización para inicialas, facéndose constar este punto explicitamente no acta redactada, de cuxa autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribila, e empezándose a contar o prazo de execución das obras desde o día seguinte ao da sinatura da acta.

18.3.- Programa de traballo, plan de seguridade e saúde e relación de subcontratistas e subministradores.-
Dentro dos **15 días naturais** seguintes ao da sinatura do acta de comprobación de trazado de planta, e sempre antes do inicio das obras, o contratista presentará o Programa de Traballo e o Plan de Seguridade e Saúde, e relación de subcontratistas e subministradores, co importe de obra a realizar, e neste caso, para os efectos da cláusula 35 do presente prego.
A aprobación do Plan de seguridade e saúde corresponderalle ao presidente da Corporación previo informe do coordinador de Seguridade e Saúde.
Atendendo á natureza da obra, o presidente da Corporación, a proposta do técnico director, poderá eximir ao contratista da presentación do programa de traballo.

En todo caso, o prazo máximo para a aprobación do Plan de seguridade e saúde no traballo será de un mes desde a sinatura do contrato. Si, por incumprir o contratista os prazos indicados nos parágrafos anteriores, non fora posible empezar as obras ao recibir autorización para o inicio de las mesmas, non poderá reclamar ampliación algunha de prazo por este motivo.

19) Carteis e sinais.
A disposición adicional sexta do Real Decreto-lei 13/2009, de 26 de outubro, relativa á «Identificación da fonte de financiamento», dispón que nos proxectos de obras financiados con cargo ao Fondo creado polo devandito Real Decreto-lei debe facerse constar, en lugar visible, a lenda «Fondo Estatal para el empleo y la sostenibilidad local-Gobierno de España» dende o inicio das obras ata tres meses despois da data do acta de recepción das mesmas.
No cartel deberá facerse constar a lenda e a denominación do proxecto, o orzamento e o prazo de execución.

19.1.- O modelo e condicións técnicas do cartel anunciador das obras son os establecidos nos anexos I e II da Resolución. De 20 de xaneiro de 2010 da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial (BOE nº 19, de 22 de xaneiro de 2010)

19.2.-A efectos de dar cumprimento ao requisito da identificación da fonte de financiamento, e en cumprimento da previsión recollida no parágrafo segunda da disposición adicional sexta do RDL 13/2009, deberán reutilizarse os carteis anunciadores das obras realizadas durante o exercicio 2009 con cargo ao Fondo Estatal de Inversión Local, coas modificacións que resulten precisas de

acordo co apartado anterior.

19.3.- O cartel ubicarase no exterior da obra, en sitio visíbel, preferentemente na fachada da obra ou no pechamento da mesma.
Naqueles supostos en que unha obra teña distintas ubicacións, fixarase no lugar de maior importancia por importe da obra proxectada.

19.4.- O formato para a elaboración gráfica dos carteis será o formato «freehand», que está dispoñible na páxina web www.mpt.es.Todos os carteis deberán gardar as medidas, proporcións e tipoloxías establecidas no devandito formato e de acordo coa imaxe establecida no anexo II da Resolución de 20 de xaneiro de 2010.

19.5.- Fotografías.
O adxudicatario deberá acompañar a cada certificación de obra as seguintes fotografías por triplicado:
a) Do cartel da obra.
b) Do cartel da obra e o seu contorno.

En ambos casos deberá levar ao dorso a sinatura do director da obra e a data da súa realización.

Na data da acta de recepción o adxudicatario deberá entregar á administración o reportaxe fotográfico ou en vídeo relativo ao desenvolvemento, execución e finalización das obras nas súas distintas fases. A devandita documentación poderá utilizarse pola administración libremente e sen limitación temporal

20) Ocupación de terreos.
O contratista non pode ocupar os terreos afectados pola obra ata recibir a orde correspondente da dirección.

21) Desenvolvemento dos traballos.

21.1.- O contratista deberá executar as obras con materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no proxecto aprobado e toda a documentación que a integra, así como de conformidade coa instrucións ou regulamentos técnicos nacionais obrigatorios, desde que sexan compatibles co Dereito comunitario nos termos establecidos no artigo 101 da LCSP.
Así mesmo, deberá utilizar os elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.

21.2.- Recepción e recusación de materiais.- O contratista só pode empregar os materiais na obra previo exame e aceptación polo técnico-director, nos termos e formas que este sinale, para o correcto cumprimento das condicións convidas. Se o técnico-director non aceptase os materiais sometidos ao seu exame deberá comunicalo por escrito ao contratista, sinalando as causas que motiven tal decisión.

21.3.- Obras defectuosas ou mal executadas.- Ata que teña lugar a aprobación da devolución da garantía definitiva o contratista responderá da execución da obra contratada e das faltas que nela houber, sen que sexa eximente, nin lle dea dereito ningún, a circunstancia de que os representantes da administración examinen ou recoñecido, durante a súa construción, as partes e unidades da obra ou os materiais empregados, nin que sexan incluídos estes e aqueles nas medicións e certificacións parciais.

21.4.- Demolición e reconstrución das obras defectuosas ou mal executadas.- Se se advirte vicios ou defectos na construción, ou tense fundadas razóns para crer que existen vicios ocultos na obra executada, o técnico-director ordenará durante o curso da execución, e sempre antes da aprobación da devolución da garantía definitiva, a demolición e reconstrución das unidades de obra en que se dean aquelas circunstancias, ou as accións precisas para comprobar a existencia

de tales defectos ocultos.

21.5.- Responsabilidade por vicios ocultos.- Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido a incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e perdas que se manifesten durante o termo de quince anos contado desde a recepción.
Transcorrido este prazo sen que se manifeste ningún dano ou prexuízo, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista, de conformidade co artigo 219 da LCSP.

21.6.- Con cada unha das certificacións de obra e facturas expedida deberase incluír, no seu caso, ***declaración*** asinada polo representante legal do contratista ***na que relacione as novas contratacións,*** efectuadas para a obra obxecto de la licitación no período a que se refire a certificación, indicando nome e apelidos, DNI, modalidade de contratación empregada, período de vixencia dos contratos, salario e horas a empregar na obra por cada traballador. Á devandita declaración deberá achegar as ***solicitudes de emprego ao Servizo Público de Emprego***, a súa contestación e ***copia dos contratos*** laborais realizados co persoal que se atope en situación legal de desemprego, remitidos e selados polo organismo correspondente. Tamén con cada certificación de obra e factura o contratista terá que achegar unha ***declaración*** asinada polo seu representante legal, que terá carácter de documento público dende a súa entrada no concello, ***na que se faga constancia de que persoas*** -con nomes, apelidos e DNI- ***estiveron adscritos á obra*** obxecto da licitación de forma ***durante o período a que se refire a certificación***, debendo tamén indicar, por cada traballador (diferenciando entre os de plantilla e os de nova contratación) e de forma totalizada, o número de horas de ocupación durante tal período..

O contratista deberá ***xustificar*** coas segundas e seguintes certificacións de obras e/ou facturas o ***pagamento das facturas emitidas polo subcontratista*** ou subministrador correspondentes ao período de certificación anterior, debendo presentar con cada certificación de obra declaración responsable das facturas pendentes de pago correspondentes ao período da certificación, con identificación do subcontratista ou subministrador, importe, data e número da factura. O pago aos subcontratistas das facturas relacionadas deberá acreditarse na seguinte certificación de obra que se expida salvo casos debidamente motivados.

Coa certificación final da obra o contratista presentará unha ***memoria de actuación*** de acordo co modelo que se inclúe no Anexo IV e achegar a documentación que na devandita memoria se sinala. Esta documentación haberá de presentarse por escrito e tamén terá que se aportada en soporte informático para o seu tratamento e envío, no seu caso, ao MPT.

O Concello poderá esixir ao contratista calquera outra documentación xustificativa da contratación do persoal.

22) Dirección e inspección das obras.
A dirección e inspección das obras correspóndelle ao seu técnico-director (director de obra e no seu caso director de execución da obra, de acordo co disposto nos arts. 12 e 13 da Lei 38/99 do 5 de novembro, de ordenación da edificación), o cal ditará as instrucións necesarias ao contratista para a normal e eficaz realización daqueles e sinalará o ritmo de execución conveniente, mediante as anotacións correspondentes no Libro de Ordes. Non obstante, a Presidencia da Corporación poderá inspeccionar as obras cando o estime oportuno ou encomendar as ditas funcións aos técnicos da Corporación.

23) Lexislación laboral e Seguridade Social.
O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social.

24) Prevención de riscos laborais.
O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de riscos laborais.

25) Responsabilidade. Danos.
Será de conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, prexuízos e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que expire o prazo de garantía da obra.
Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da administración, será esta responsable dentro dos límites establecidos na lei.
Así mesmo, o contratista responderá civil e, se é o caso, penalmente dos danos causados á administración contratante ou a terceiros como consecuencia dos vicios ocultos das obras.
A cantidade en que se concreten tales danos será inmediatamente esixida pola vía de constrinximento administrativo.

26) Gastos de transporte e almacenaxe.
O contratista estará obrigado a sufragar os gastos de transporte de materiais ata o lugar sinalado e no prazo convido e, se é o caso, os gastos de almacenaxe e depósito.

27) Custodia e conservación.
O contratista deberá responder da custodia e conservación dos materiais e instalacións, sen que teña dereito a indemnización por causa de avaría, perdas ou prexuízos nos bens, ata a aprobación da devolución da garantía definitiva.

28) Gastos de anuncios e tributos e varios.
O adxudicatario virá obrigado a pagar todos os gastos, de publicación de anuncios de licitación en diarios oficiais e medios de comunicación que se detallan no epígrafe 10 do cadro de características do contrato.
Así mesmo, deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, se é o caso, sobre o obxecto do contrato, así como obter a licenza de obras ou imposto sobre construcións, obras e instalacións, se proceder, e o aboamento do imposto correspondente.
Serán por conta do adxudicatario e sen que supoña ningún custo para a administración, a realización daqueles proxectos de instalacións e equipos que se é o caso se prevexan no proxecto (electricidade, centros de transformación, aparellos elevadores, climatización, etc.), que sexan necesarios para a aprobación polos organismos competentes da administración, así como a tramitación perante os ditos organismos e pagamento das taxas correspondentes.

29) Control de calidade.
A dirección, de ser necesario, ordenará que se verifiquen os ensaios e análise de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes e os gastos que se orixinen serán por conta do contratista ata un importe máximo do 1% do orzamento de execución material da obra.
A mesma dirección fixará o número, forma e dimensións e demais características que deben reunir as mostras e probetas para ensaio e análise, caso de que non exista disposición xeral para o efecto, nin estableza tales datos o Prego de prescricións técnicas particulares.
Este control é independente do control interno que realice o adxudicatario de acordo co establecido na cláusula 12.2 e cuxo estrito cumprimento esixirá a administración a través da dirección facultativa, tanto no que se refire ao programa de control, ensaios, como a cantidades destinadas a esta finalidade.

30) Dereitos do adxudicatario.
30.1.- Dereito ao aboamento da obra que realmente execute de acordo coas cláusulas do presente prego. O dito aboamento deberá efectuarse dentro do **prazo máximo de 30 días naturais seguintes á data de recepción das certificacións de obra** ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización parcial ou total do contrato.

30.2.- Se a administración demorase o pagamento do prezo, computado a partir do cumprimento do prazo de 60 días a que se refire o apartado anterior, o adxudicatario terá dereito a partir do cumprimento do devandito prazo, a cobrar os xuros de mora e a indemnización polos custos de

cobramento nos termos previstos na Lei de 29 de decembro de 2004 pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais e art. 200.4 da LCSP.
Non obstante o indicado no apartado anterior, no caso de que algunha certificación conteña algún erro ou omisión, e o contratista non advertise no momento de prestar conformidade á certificación, expresamente e por escrito a súa existencia, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se corrixan os defectos que contivese a certificación, computándose, polo tanto, o prazo para esixir o xuro de mora a partir da expedición da certificación emendada.
De igual modo se a factura contivese algún erro ou omisión ou esta non se presentase no Rexistro Xeral, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se corrixan os defectos que contivese a factura ou ata que se presente esta no Rexistro Xeral.

30.3.- Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no caso de que a demora do pagamento fose superior a catro meses, debendo comunicarlle á administración cun mes de antelación tal circunstancia, para efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse da devandita suspensión, nos termos establecidos na LCSP.

30.4.- Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se lle orixinen, se a demora da administración fose superior a oito meses.

30.5.- Dereito a transmitir os dereitos de cobramento, nos termos do artigo 201 da LCSP e nas condicións sinaladas na cláusula 31.5 do presente prego.

31) Aboamento da obra executada.

31.1. Medicións.- O técnico director realizará mensualmente e na forma que estableza o Prego de prescricións técnicas, a medición das unidades de obra executadas durante o período de tempo anterior.
O contratista poderá presenciar a realización de tales medicións.
Para as obras ou partes de obra cuxas dimensións e características haxan de quedar posterior e definitivamente ocultas, o contratista está obrigado a avisar á dirección coa suficiente antelación, a fin de que esta poida realizar as correspondentes medicións e toma de datos, levantando os planos que as definan, cuxa conformidade subscribirá o contratista.
A falta de aviso anticipado, cuxa existencia corresponde probar ao contratista, queda este obrigado a aceptar as decisións da administración sobre o particular.

31.2.- Relacións valoradas.- O técnico director tomando como base as medicións das unidades de obra executada a que se refire o apartado anterior e os prezos contratados, redactará mensualmente a correspondente relación valorada á orixe.

31.3.- Certificacións.- As certificacións expediranse tomando como base a relación valorada e tramitaraas o técnico director nos dous días seguintes do período que correspondan previa a audiencia ao contratista para os efectos da súa conformidade ou reparos.

31.4.- Pagamentos.-

31.4.1.- Os pagamentos verificaranse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada expedidas polo técnico director da obra e aprobadas pola Presidencia ou órgano competente da Corporación. Así mesmo, o contratista deberá presentar factura por igual importe que o da certificación.
Terán o carácter de pagamento a conta, suxeitas ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e sen supoñer en forma ningunha aprobación e recepción das obras que comprenden.

31.4.2. Aboamentos a conta por materiais acopiados

1. O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta ata o 75 por 100 do valor dos materiais acopiados necesarios para a obra previa autorización do órgano de Contratación que terá por único obxecto controlar que se trata dos devanditos materiais e que se cumpren os

seguintes requisitos:

a) Que exista petición expresa do contratista, acompañando documentación xustificativa da propiedade ou posesión dos materiais.

b) Que sexan recibidos como útiles e almacenados na obra ou lugares autorizados para iso.

c) Que non exista perigo de que os materiais recibidos sufran deterioración ou desaparezan.

d) Que o contratista preste a súa conformidade ao plan de devolución das cantidades anticipadas, para deducilo do importe total das unidades de obra en que queden incluídos tales materiais. Este plan elaborarao a dirección de obra acompañándoo coa relación valorada.

e) Que o contratista constitúa aval de acordo co disposto no 31.4.4 deste prego.

2. As partidas correspondentes a materiais acopiados poderán incluírse na relación valorada mensual ou noutra independente.

3. Para efectos do cálculo do valor unitario do material tomarase o resultado de aplicar o coeficiente de adxudicación ao valor do custo inicial fixado no correspondente proxecto, incrementado, se é o caso, nas porcentaxes de beneficio industrial e gastos xerais.

Se a unidade de obra onde se atopa o material obxecto do abono non tivese a regulamentaria descomposición de prezos e non figurase no proxecto o custo inicial fixarase pola dirección da obra, non podendo sobrepasar o 50 por 100 do prezo da devandita unidade de obra.
Soamente procederá o aboamento da valoración resultante cando exista crédito suficiente con cargo á anualidade correspondente no exercicio económico vixente. No caso de que non se puidese cubrir a totalidade do aboamento a conta reflectido na relación valorada, procederase ao aboamento que corresponda ao crédito dispoñible da anualidade do exercicio económico de que se trate.

31.4.3. Aboamentos a conta por instalacións e equipos.

1. O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta por razón das instalacións e equipos necesarios para a obra, de acordo coas regras seguintes:

a) O aboamento virá determinado pola parte proporcional da amortización, calculado de acordo coa normativa vixente do imposto sobre sociedades, tendo en conta o tempo necesario de utilización.

b) No caso de instalacións, o aboamento non poderá superar o 50 por 100 da partida de gastos xerais que resten por certificar ata o remate da obra e no de equipos o 20 por 100 das unidades de obra aos prezos contratados que resten por executar e para as cales se faga necesaria a utilización daqueles.

c) O cálculo da cantidade a aboar deberá acompañarse dunha memoria explicativa dos resultados obtidos.

d) Que o contratista constitúa aval de acordo co previsto no 31.4.4 deste prego.

2. No que se refire aos requisitos para estes aboamentos, tramitación e devolución estarase ao disposto no apartado 31.4.2.

31.4.4. Garantías por aboamentos a conta por materiais acopiados e por instalacións e equipos.
Para realizar o dito aboamento será necesaria a constitución previa do correspondente aval polo importe correspondente ao do respectivo aboamento a conta, de acordo co establecido no art. 215 .2 da LCSP.
O contratista terá dereito á cancelación total ou parcial destas garantías a medida que vaian tendo lugar as deducións para o reintegro dos aboamentos a conta percibidos.

31.5.- Os contratistas que, conforme ao artigo anterior, teñan dereito de cobramento fronte á administración, poderán ceder este segundo dereito.
Para que a cesión do dereito de cobramento teña plena efectividade fronte á administración, será requisito imprescindible a notificación fidedigna a esta do acordo de cesión. Para tal efecto,

considerarase que a notificación se produciu cando se consigne mediante dilixencia no documento xustificativo do crédito, a toma de razón no Libro de Rexistro de Transmisións de Certificacións.
Unha vez que a administración teña coñecemento do acordo de cesión, o mandado de pagamento haberá de ser expedido a favor do cesionario. Antes de que a cesión se poña en coñecemento da administración, os mandamentos de pagamento a nome do contratista producirán efectos liberatorios.

32) Condicións especiais de execución.
Será **condición de execución** do contrato a que se refire este prego, de conformidade co disposto no artigo 17.2 do RDL 13/2009, que o novo persoal que o contratista se comprometa a empregar para a execución das obras se atope en situación de desemprego. A estes efectos, só se computarán os contratos realizados ou por realizar cos traballadores desempregados inscritos nos Servizos Públicos de Emprego correspondentes como demandantes de emprego non ocupados e os realizados ou por realizar con traballadores autónomos que cesaran a súa actividade e estean inscritos nos Servizos Públicos de Emprego correspondentes, como demandantes de emprego non ocupados.

33) Prazo de execución do contrato e penalidades administrativas.

33.1. O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización del, así como, dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.
A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da administración.Cando o contratista por causas imputables a este, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato.

Prórrogas. Se a demora na execución das obras fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecese cumprir o seu compromiso se se lle dá unha prórroga de tempo que se lle sinalara o órgano de Contratación poderá concedela por un prazo que será polo menos igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

33.2. No caso de que o adxudicatario ofertase redución de prazo de execución e a demora fose imputable ao contratista as penalidades diarias indicadas no parágrafo anterior serán as seguintes:

REDUCIÓN (% sobre o prazo de execución)	**Penalidades**
Ata un 5%	0,50 por cada 1.000 euros
Ata un 10%	0,55 por cada 1.000 euros
Ata un 15%	0,60 por cada 1.000 euros
Ata un 20%	0,65 por cada 1.000 euros
Ata un 25%	0,70 por cada 1.000 euros
Ata un 30%	0,75 por cada 1.000 euros
Ata un 35%	0,80 por cada 1.000 euros
Ata un 40%	0,85 por cada 1.000 euros
Ata un 45%	0,90 por cada 1.000 euros
Ata un 50%	0,95 por cada 1.000 euros
Ata un 55% ou máis	1 por cada 1.000 euros

A administración terá a mesma facultade a que se refire o apartado anterior respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total. Cada vez, que as penalidades por demora acaden un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de Contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

33.3. Ademais, imporanse penalidades ao contratista cando incorra nalgunha das causas previstas a continuación:

a) Por incumprimento das condicións especiais de execución. O incumprimento de calquera das condicións especiais de execución establecidas neste prego dará lugar á imposición ao contratista das seguintes penalidades:

- como regra xeral, a súa cuantía será un 1% do importe de adxudicación do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave. Neste caso poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10% respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

- faranse efectivas mediante unha dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía, conforme ao artigo 196.8 LCSP.

O cumprimento polo adxudicatario das condicións especiais de execución poderá verificarse polo órgano de contratación en calquera momento durante a execución do contrato e, en todo caso, verificarse ao tempo da recepción das obras.

Cando o incumprimento se refira á contratación de persoal nos termos indicados na cláusula de condicións especiais de execución, será considerada como infraccións moi grave aos efectos previstos no artigo 102.2 LCSP, sempre que o incumprimento supoña unha contratación de nova man de obra que non se atopase en situación de paro superior ao 50% do total da contratada como nova.

b) **Por cumprimento defectuoso**. Imporanse penalidades por cumprimento defectuoso nos seguintes termos:

- Si, ao tempo da recepción, as obras non se atopan en estado de ser recibidas por causas imputábeis ao contratista.

-Como regra xeral, a súa cuantía será un 1% do orzamento do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave. Neste caso poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10% respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

-En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ao contratista da súa obriga de reparación dos defectos.

c) **Por incumprir criterios de adxudicación**. Imporanse ao contratista penalidades por incumprir criterios de adxudicación nos seguintes termos:

-Si, durante a execución do contrato ou ao tempo da súa recepción, apréciase que, por causas imputábeis ao contratista, incumpriuse algún ou algún dos compromisos asumidos na súa oferta, en especial os relativos ao volume de man de obra a empregar na execución do contrato.-Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ao descontarse un 25% da puntuación obtida polo contratista no criterio de adxudicación incumprido, resultase que a súa oferta non tería sido a mellor valorada.

-Como regra xeral, a súa cuantía será un 1% do orzamento do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave. Neste caso poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%

respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

d) Por incumprir condicións para a subcontratación. Cando o contratista incumpra as condicións para a subcontratación establecidas no artigo 210.2 LCS ou o límite especial para a subcontratación establecido neste prego de condicións, imporáselle a penalidade regulada no artigo 210.3 LCSP con suxeición ao seguinte:

-Farase efectiva mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía, conforme ao artigo 196.8 LCSP.

- Como regra xeral, a súa cuantía será un 5% do importe do subcontrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave. Neste caso poderán acadar ata un 10% ou ata o máximo legal do 50% respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

34) Modificacións de obras.

34.1.- En ningún caso o técnico director das obras ou o adxudicatario poderán introducir ou executar modificacións nas obras comprendidas no contrato sen a debida aprobación técnica da modificación e a aprobación económica do orzamento reformado resultante, se é o caso, como consecuencia dela. A mencionada aprobación corresponderá ao órgano de Contratación, logo da redacción do proxecto, audiencia ao contratista, fiscalización do gasto e existencia de crédito. Todo iso sen prexuízo do disposto no art. 217.4 do LCSP, para os supostos a que se refire o dito precepto.
Non obstante o disposto no apartado anterior só poderán introducirse variacións sen previa aprobación cando consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ao 10 por 100 do prezo primitivo do contrato (art. 217 da LCSP).
As variacións mencionadas no parágrafo anterior, respectando en todo caso, o límite previsto neste iranse incorporando ás relacións valoradas mensuais e poderán ser recolleitas e aboadas nas certificacións mensuais, ou con cargo ao crédito adicional do 10 por 100 a que se refire a disposición final segunda da LCSP. Non obstante, cando con posterioridade ás mesmas houber necesidade de introducir no proxecto modificacións das dispostas no art. 217 da LCSP recolleranse tales variacións na proposta a elaborar sen necesidade de esperar para facelo á certificación final citada.

34.2.- Serán obrigatorias para o contratista as modificacións no contrato de obras que, de acordo co establecido no art. 217 da LCSP, produzan aumento, redución ou supresión das unidades de obra ou substitución dunha clase de fábrica por outra, sempre que esta sexa unha das comprendidas no contrato. No caso de supresión ou redución de obras, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización ningunha, sen prexuízo do que se establece no art. 217 da LCSP.

34.3.- Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non comprendidas no proxecto ou cuxas características difiran substancialmente delas, os prezos de aplicación destas serán fixados pola administración á vista da proposta do director facultativo das obras e das observacións do contratista a esta proposta en trámite de audiencia, por prazo mínimo de 3 días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de Contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que fixase ou executalas directamente. A contratación con outro empresario poderá realizarse polo procedemento negociado sen publicidade sempre que o seu importe non exceda do 20% do prezo primitivo do contrato.

34.4.- Cando como consecuencia da modificación do contrato aumente o seu prezo reaxustarase a garantía que se cuantificará no 5% do incremento experimentado no prezo de adxudicación (IVE excluído) Esta garantía deberá constituírse dentro do prazo máximo de 15 días naturais contado

desde a notificación de aprobación da modificación. A non constitución da garantía dentro do devandito prazo dará lugar á resolución do contrato.

35) Cesión de contrato e subcontrato de obras.

35.1.- Cesión de contrato
Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos e obrigas dimanantes dun contrato de obras sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos no artigos 209 da LCSP.
O cesionario deberá constituír a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais contado desde a autorización expresa polo órgano de Contratación da cesión. A non constitución da garantía dentro do devandito prazo dará lugar á resolución do contrato.

35.2.- Subcontratación
O contratista poderá subcontratar parcialmente a execución da obra ata o límite fixado no epígrafe 11 do cadro de características do contrato. En todo caso as prestacións parciais que o adxudicatario subcontrate con terceiros non poderán exceder do 60% do importe de adxudicación.
Os adxudicatarios non poderán concertar con terceiros a realización parcial das obras sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos no artigos 210 e 211 da LCSP.
Así mesmo, o contratista e subcontratistas deberán observar os requisitos e condicións establecidas na Lei 32/2006 do 18 de outubro, reguladora da subcontratación do sector da construción e Real decreto 1109/2007 do 24 de agosto polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.

O contratista está obrigado, de conformidade co disposto polo artigo 17.5 do RDL 13/2009 a aboar o prezo pactado aos subcontratistas o prezo pactado polas prestacións cuxa prestación lles enconomendara o **prazo máximo de trinta días** naturais computado dende a data de aprobación polo contratista principal de factura emitida polo subcontratista ou subministrador.

Cando o contratista incumpra as condicións para a subcontratación establecidas no artigo 210.2 LCSP ou o límite establecido para a subcontratación, imporáselle a penalidade regulada no artigo 210.3 LCSP con suxeición ao disposto na cláusula 33 deste prego de condicións.

36) Recepción das obras e certificación final.
O contratista comunicará por escrito ao facultativo director da obra a data prevista para a súa terminación, cunha antelación mínima de 45 días hábiles.
A recepción das obras realizarase como moito dentro do mes seguinte á terminación das obras. Todo iso de conformidade co artigo 218 da LCSP.
O contratista ten a obriga de asistir á recepción da obra. Se por causas que lle sexan imputables non cumpre esta obriga o representante da administración remitiralle un exemplar para que no prazo de dez días formule as alegacións que considere oportunas, sobre as que resolverá o órgano de Contratación.
Do resultado da recepción redactarase unha acta que subscribirán todos os asistentes, retirando un exemplar orixinal cada un deles.
Cando as obras non se achen en estado de ser recibidas farase constar así na acta e o seu director sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido o devandito prazo o contratista non o efectúa, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.
Dentro do prazo de 3 meses contados a partir da recepción, e sempre antes do 31 de decembro de 2010, o órgano de Contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboados ao contratista a conta da liquidación do contrato, No que se refire ao prazo do xuro de mora estarase ao establecido na cláusula 31.2 deste prego.

Ao tempo da recepción comprobarase en particular o cumprimento polo contratista das seguintes

obrigas:

1. O despexe final das obras, debendo o contratista ter restituído á súa situación inicial as zoas afectadas polas obras e non ocupadas por elas.
2. O cumprimento non defectuoso do contrato.
3. O cumprimento dos criterios de adxudicación
4. O cumprimento das condicións de execución.

37) Prazo de garantía.

O prazo de garantía terá unha duración dun ano contado desde a recepción das obras.

Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado á garda e conservación das obras, seguindo, se é o caso, as instrucións que reciba do técnico-director, sendo responsable dos danos intrínsecos que nela se produzan.

Se as obras se deteriorasen por incumprimento desta obriga, os traballos necesarios para a súa reparación executaranse pola administración contratante, a custa do contratista.

38) Liquidación e devolución da garantía definitiva.

Dentro do prazo de 15 días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, agás o disposto no art. 219 do LCSP (Responsabilidade por vicios ocultos), procedéndose á devolución ou cancelación da garantía e á liquidación, se é o caso, das obrigas pendentes aplicándose ao pagamento destas últimas o disposto no art. 200.4. da LCSP. No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía o director facultativo procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade ningunha por ampliación do prazo de garantía.

39) Causas de resolución.

Serán as previstas nos artigos 206 e 220 do LCSP, cos efectos previstos no artigo 208 e 222. **En particular** considerarase causa de resolución o suposto de incumprimento da condición de execución establecida na cláusula 32 no seu primeiro parágrafo cando esta deba considerarse moi grave de conformidade co establecido na cláusula 33.3 deste prego.

40) Réxime xurídico.

O presente contrato de execución de obras ten carácter administrativo, e ambas partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector público e normas complementarias e se é o caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o regulamento de desenvolvemento, ao Real Decreto Lei 13/2009 de 26 de outubro polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a sostenibilidade local e a Resolución da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial de de novenbro de 2009; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de Contratación, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa e contra estes haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora da devandita xurisdición, previa interposición, se é o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente. Nos supostos a que se refire o artigo 37 da LCSP os interesados deberán interpoñer o recurso especial en materia de contratación.

ANEXO I: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

0. REGULACIÓN ARMONIZADA	Contrato non suxeto a regulación armonizada	
1. PROXECTO	SANEAMENTO EN REVIXOS	
Financiamento	Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade local	
Necesidade a satisfacer	Canalización de tubería de PVC de distintos diámetros cos correspondentes pozos de rexistro e arquetas de sanemaneto no núcleo de Revixós	
2. ORZAMENTO	A) Prezo sen IVE	205.550,88 €
	B)Imposto sobre o valor engadido (IVE)	32.888,14 €
	C)Total (A+B)	238.439,02 €
2. bis. NÚMERO MÍNIMO DE PERSOAS A EMPLEAR A TEMPO COMPLETO		6
3. DATA DA RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DO SECRETARIO DE ESTADO DE COOPERACIÓN TERRITORIAL	03/03/2010	
4.PRAZO DE EXECUCIÓN		6 meses
5. PUBLICIDADE DA LICITACION	Publicidade mediante anuncio no BOP e no perfil de contratante	
6. FORMA E MEDIO DE CONSULTA E LUGAR DE PRESENTACIÓN	CONSULTA: Oficinas xerais do Concello de Dodro de 9 a 14:00 horas e no perfil de contratante na páxina web www.concellodedodro.org. OBTENCIÓN DE COPIAS: oficinas xerais do Concello PRESENTACIÓN: Rexistro de entrada das Oficinas xerais do Concello de Dodro, sito en Tallós, 32, Dodro (A Coruña) en horario de 9 a 14 horas de luns a venres e de 10 a 13 horas os sábados	
7. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	**13 días naturais** a partir do seguinte ao de publicación do anuncio de solicitude de ofertas no BOP.	
8. TAXAS DEL CONTRATO	Bastanteo de poderes: 7,51 €	
9.- PERFIL DE CONTRATANTE	8.1 Páxina web: www.concellodedodro.org	
10.GARANTÍA PROVISIONAL	Non se esixe	
11. LIMITE DE OBRA SUBCONTRATABLE	Non se establece, polo tanto o límite máximo será o disposto no artigo 210.2 LCSP	
12. CLASIFICACIÓN	Non se esixe	
13. VARIANTES OU MELLORAS	Non se admite a presentación de variantes ou melloras	
14. REVISIÓN DE PREZOS	Non procede	
15. CONTROL DE CALIDADE	Esixible	

ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN

D/ Dª _____ con domicilio en _____ rúa _____ núm _____
teléfono _____ e correo electrónico _____, con DNI (ou pasaporte ou documento que o substitúa) núm. _____ actuando en nome propio (ou en representación de _____ DNI ou CIF núm. _____ e con domicilio en _____ rúa _____ núm _____ teléfono _____) toma parte no procedemento aberto con multiplicidade de valoración para a adxudicación da execución das obras comprendidas no proxecto de _____, e para cuxos efectos fai constar:

1º.- Que ofrece o seguinte prezo:
A) Prezo sen IVE ..... euros
B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) ..... euros
C) TOTAL (A+B)..... euros

2º.- Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos Pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato.

3º.- Que se acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares.

_____, de _____ de _____ de 2010
O licitador (asinado e rubricado)

ANEXO III: MODELO DE SOBRE

MODELO DE SOBRE

☐A. DOCUMENTACIÓN

☐B. REFERENCIAS TÉCNICAS

☐C. OFERTA ECONÓMICA

Proposición para tomar parte na contratación das obras de (2)
presentada por
teléfono
fax

_____, de _____ de _____ de 2010

(1) Indicar sobre A, B ou C segundo a documentación que comprenda, conforme ao disposto na cláusula 12.
(2) Indicar o título do contrato

ANEXO IV

FASE 1

a) **Programa de traballo e actuación ambiental**:

Valorará de 0 a 18 puntos conforme ao seguinte detalle (expresado en dous decimais)

Ofertas que presenten un programa de traballo e actuación ambiental específico e adaptado á obra	De 15 a 18 puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo e actuación ambiental xenérico e parcialmente adaptado	De 9 a 14,99 puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo e actuación ambiental insuficiente	De 5 a 8,99 puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo e actuación ambiental non adaptado e incompleto	0 puntos

b) **Plan de control de calidade**

Valorarase de 0 a 19 puntos conforme ao seguinte detalle (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto corresponda)

A) PLAN DE CONTROL	Ofertas que presenten un plan de control específico e adaptado á obra	De 2,01 a 5,00 puntos
	Ofertas que presenten un plan de control xenérico e parcialmente adaptado á obra	De 0,51 a 2,00 puntos
	Ofertas que presenten un plan de control insuficiente	De 0,00 a 0,50 puntos
	Ofertas que presenten un plan de control non adaptado á obra e incompleto	0 puntos
B) ENSAIOS	Ofertas que presenten un plan de ensaios xenérico e parcialmente adaptado á obra	De 0,51 a 5,00 puntos
	Ofertas que presenten un plan de ensaios insuficiente	De 0,00 a 0,50 puntos
	Ofertas que presenten un plan de ensaios non adaptado á obra e incompleto	0 puntos
C) ORZAMENTO	Aumento do orzamento de ensaios sobre o orzamento de execución material: Calcularase aplicando a seguiente fórmula: 3x % incremento de execución material (expresado en 2 decimais)	De 0 a 9 puntos

c) **Esquema do Plan de seguridade e saúde**
Valoraráse de 0 a 10 puntos conforme ao seguinte detalle (Para este proceso de cálculo utilizaránse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

Ofertas que presentan un esquema do plan de seguridade e saúde específico e adaptado á obra	De 7,50 a 10 puntos
Ofertas que presentan un esquema do plan de seguridade e saúde xenérico e parcialmente adaptado	De 5 a 7,49 puntos
Ofertas que presentan un esquema do plan de seguridade e saúde insuficiente	De 0 a 4,99 puntos
Ofertas que presentan un esquema do plan de seguridade e saúde non adaptado e incompleto	0 puntos

- **<u>Volume de man de obra a ocupar</u>**
Valorarase ata un total de 15 puntos en función da mano de obra contratada e a contratar.
Para elo empregarase o concepto de FTE definido neste prego. Para o proceso de puntuación seguirase o seguinte método:

- Outorgarase a máxima puntuación á oferta con maior volume de man de obra a utilizar na execución do contrato.
- Puntuarase con 0 puntos ás ofertas cuxo volume de man de obra iguale á que figure no Proxecto licitado.
- O resto das ofertas puntuaranse proporcionalmente.

A efectos da valoración deste apartado só se considerará o persoal propio e directo. Quedará excluido o persoal alleo que interveña na producción-fabricación dos materiais subministrados, mas subcontratas e servizos externos que se contraten, o correspondiente á maquinaria alugada e ao transporte externo á empresa. Tampouco se terá en consideración a estes efectos o persoal indirecto, de estructura, xestión ou directivo.

- **<u>Proposta de redución de prazos</u>**
Valoraráse de 0 a 10 puntos. Tomaranse en consideración só as ofertas de redución de prazo que resulten debidamente xustificadas.

Puntuación máxima
Calcularase en primeiro lugar a diferenza entre os valores máximo e mínimo de redución de prazos, medidos en días naturais, que representen as ofertas consideradas. A porcentaxe que signifique esta diferenza con relación ao prazo de proxecto servirá para fixar proporcionalmente o número natural máximo de puntos a adxudicar por este concepto. Desta forma, para unha porcentaxe inferior ou igual ao 5% corresponderalle un máximo de 2 puntos; para unha porcentaxe superior ao 5% e inferior ou igual ao 10%, 4 puntos; e así sucesivamente, ata un máximo de 10 puntos.

Proceso de puntuación
A seguir, calcularase a media aritmética de todas as reducións de prazo en consideración.
Asignarase 1 punto ás proposicións que se axusten ao prazo de proxecto, un 80% da puntuación máxima adxudicable ás que igualen a media aritmética anterior, e un 100% ás que signifiquen a redución máxima. Ás ofertas que representen reducións situadas no intermedio dos 2 tramos así configurados puntuaráselles proporcionalmente aos seus extremos de forma lineal.

Para este segundo proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan.

Outorgaranse 0 puntos a aquelas ofertas de redución de prazo que non se consideraron debidamente xustificadas. Nos casos de proposición única presentada debidamente xustificada que non exceda do prazo sinalado en proxecto ou dun conxunto de proposicións que signifique diferenzas de prazo inferiores ao 5% daquel, cualificarase sempre con 1 punto.

Para ilustrar este proceso, incorpórase o seguinte gráfico:



- Oferta Económica: De 0 a 8 puntos.
Para a súa valoración utilizarase a fórmula deseñada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela para a Deputación de A Coruña, que se pode consultar na seguinte dirección web:
http://www.dicoruna.es/contratacion/valoracion/Manual_Formula.pdf

ANEXO V

MEMORIA DE ACTUACIÓN respecto a la obra denominada , financiada por el Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local, creado mediante Real Decreto-ley 13/2009, de 26 de octubre:

Puestos de trabajo creados			
(con identificación del nombre, apellidos y número de documento nacional de identidad o número de identificación de extranjero de los nuevos trabajadores contratados, así como la modalidad y el período de vigencia de sus contratos)			
Número de nuevos trabajadores contratados, de los cuales			
Hombres (indicar número)			
Mujeres (indicar número)			
Número total de días contratados, de los cuales			
Hombres (indicar número)			
Mujeres (indicar número)			
relación de las certificaciones de obra:			
Acreedor: Denominación social empresa y CIF			
Nº certificación	Fecha de emisión	Importe	Nº factura
Fecha inicio de obra real			
Fecha fin de obra real			
Fecha de expedición del certificado final de obra			

Se acompañan como anexos justificativos:

☐declaración de los nuevos trabajadores (incluyendo nombres y apellidos) contratados para la ejecución de la obra (de acuerdo con la oferta presentada a la licitación), indicando para cada uno de ellos la dedicación al proyecto mediante el equivalente a tiempo completo (*full time equivalent*)

☐copias compulsadas de los contratos de trabajo formalizados con los nuevos trabajadores contratados

☐documentos de cotización a la seguridad social (TC2), en los que se señalarán los correspondientes a losnuevos trabajadores contratados

☐declaración de los trabajadores (incluyendo nombres y apellidos) integrados en la empresa dedicadosa la obra (de acuerdo con la oferta presentada a la licitación), indicando para cada uno de ellos la dedicación al proyecto mediante el equivalente a tiempo completo (*full time equivalent*)

☐documentos de cotización a la seguridad social (TC2), en los que se señalarán los correspondientes los trabajadores integrados en la empresa y dedicados a la ejecución de la presente obra

☐declaración (en su caso) de abono a los subcontratistas del precio pactado por las prestaciones cuya realización les hayan encomendado en el plazo máximo de treinta días naturales, computado desde la fecha de aprobación por el contratista principal de la factura emitida por el subcontratista o suministrador.

Y, para que conste a los efectos de justificación ante el Ayuntamiento de Dodro, se emite la presente en a de de 2010.

El contratista El director de la obra

Fdo/ Fdo/

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DEL CONCELLO DE DODRO